

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PRIMERA DE SOCORROS MUTUOS DE MONTEVIDEO, PARA A ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DA CIDADANÍA DE ORIXE GALEGA RESIDENTE EN MONTEVIDEO, URUGUAI

En Santiago de Compostela a 19 de abril de 2023


REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.


E doutra, a **Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo, Uruguai**, representada neste acto polo seu presidente, Fernando García Martínez, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,

EXPOÑEN



Primeiro.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.



Segundo.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, e en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da presidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de actuacións que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

Cuarto.- Na República Oriental do Uruguai, reside un número moi importante de persoas de orixe galega que pola súa situación de carencia, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

Quinto.- A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos é unha institución mutualista fundada en Montevideo o 25 de setembro de 1853 co obxectivo de crear un fondo común destinado a socorrer ás persoas asociadas nela, outorgándolles asistencia médica completa no caso de enfermidade. Na actualidade a entidade conta con case 200.000 persoas asociadas, das cales un número moi relevante son españolas de orixe galega.

A entidade dispón dun hospital de 26.500 m², dotado con 452 camas, así como de catro sedes secundarias, cinco policlínicas e catro unidades de internamento extramuros, nas que se presta asistencia sanitaria a unha importantísima porcentaxe da poboación uruguaia e, en especial, á poboación de orixe galega residente nese país.

Sexto.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Asociación Española Primera de Socorros Mutuos co obxecto de contribuír á prestación de asistencia socio-sanitaria ás persoas de orixe galega residentes en Uruguai que por estar nunha situación de necesidade ou de dependencia non poidan afrontar o custo destas prestacións, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar-este servizo.

Sétimo.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de darlle apoio socio sanitario ás persoas emigrantes de orixe galega residentes en Uruguai que, por mor da súa situación ou por xubilación, contan con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio de colaboración, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a entidade Asociación Española Primera de Socorros Mutuos para a atención das necesidades socio sanitarias da cidadanía de orixe galega residente en Montevideo (Uruguai) que se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo das prestacións que precisa.

Segunda.- Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deste convenio son as persoas de orixe galega ou descendentes destas ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Montevideo (Uruguai) en situación de carencia ou con mínimos ingresos que lles impidan afrontar as cotas sociais de mutualistas.



Con esta finalidade a Asociación Española Primera de Socorros Mutuos elaborará unha proposta de persoas beneficiarias coa contía da axuda individualizada, á que se acompañará un informe da Comisión de Beneficencia da entidade relativo á situación persoal de cada unha delas que xustifique a súa oportunidade. A relación definitiva de persoas beneficiarias e contías será a que se recolla no informe elaborado, logo do estudo das propostas, polo persoal da área funcional da Secretaría Xeral da Emigración destinado na Delegación da Xunta de Galicia en Uruguai.

Terceira.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, unha contía de **trinta mil euros (30.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Cuarta.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Quinta.- Pagamento

Tras a sinatura do convenio efectuarase un pagamento anticipado de **quinze mil seiscientos euros (15.600€)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante, librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido no artigo 65, puntos 4 e 5, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

Sexta.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2023.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:



- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada polo representante legal da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados.

- Informe da área funcional da Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo sobre a correcta aplicación do convenio.

- Relación das persoas atendidas con cargo ao convenio, asinada polo presidente da entidade (esta relación incluírá nome e apelido, número de documento de identidade ou pasaporte, data e provincia galega de nacemento, e contía individual da axuda).

- Copia da folla individual de valoración aprobada pola Comisión de Beneficencia que deu lugar á inclusión no programa obxecto deste convenio, co selo da Delegación da Xunta de Galicia en Uruguai. No seu caso, copia do informe socio sanitario que deu lugar á prestación ou certificación de que as condicións que deron lugar ás axudas non teñen variado.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Sétima.- Reintegro

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se debe minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á investimento non efectuada ou non xustificada.

Oitava.- Obrigas das partes

1.- A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos comprométese a:

- Dar cobertura socio sanitaria a través dos servizos e instalacións coas que conta a Asociación Española Primera de Socorros Mutuos ás persoas beneficiarias deste convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte desta das obrigas previstas no título I da citada lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Novena.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

Décimo segunda.- Relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por

este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución do convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo terceira.-Publicidade

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaría Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e

demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

O presidente da Asociación Española
Primeira de Socorros Mutuos de
Montevideo



Antonio Rodríguez Miranda

Fernando García Martínez